

Compostela, 27-VII-53

Meu querido Seoane:

Istes días, co-a chegada a esa do amigo Domingos, a tua vella morriña, sedente de contaiño vivo co-a Terra, recibiu unha orballaiva de emoción e ledicia. Na fonda e quente cordialidade que Domingos derramará sobre do teu espírito, ten por seguro que vai fundida toda a emoción dos amigos que aquí te lembramos. Co-él estamos todos identificados, así que canto che diga será a expresión do común sentir.

Recibiu a tua carta. Agradésoche moito a benevolencia que tes pra xungar as cousas que eu faço. Non penses, con todo, que son reflexo de un acontezo espiritual do que todos quixeramos gozar. E aquí, querido Luis, tamén estamos mimados por inquietanzas moi fondas, das que somente nos libra a forza do entusiasmo e da fe ideal. Si superas tantas dificultades, tantos atrancos teñen que vencer os nosos esforzos! Gracias á vitalidade interna da obra común, os esforzos que cada un vai facendo teñen unha fecundidade compensadora.

Fai uns meses pedíronme un artigo pra o número extraordinario de "LAR". Fixeno pensando no teu "Fardel". Non sei si o incluíron ou non,

porque aqui ainda não chegou o número.

Eu saíio pasado manhã pra Asturias e de onde ali irei a Lugo. Por causas pra mim desconhecidas sinto unha forte necessidade de isolamento total. Vou ver si neste mes de ausencia curome desta especie de doença.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro